




SANTIAGO DE COMPOSTELA:

ALAMEDA, CAMPUS SUR, CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2,5 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 1 a 3 horas



Propoñemos un achegamento á Alameda de Santiago, punto de encontro e de lecer de composteláns e visitantes. Un espazo próximo, agradable e acoledor para gozar da natureza sen saír do entorno urbán que conta con amplas zonas de lecer e descanso, servizos e doada accesibilidade.

Completamos a visita cun percorrido polo Campus Sur da Universidade e a Carballeira de San Lourenzo.

En percorrer estes emblemáticos lugares podemos empregar unha ou varias horas, dependendo do de vagar que queiramos facelo ou do que nos paremos diante de cada un dos elementos que van captando a nosa atención.

A ruta podemos comenzala en calquera dos puntos e facer todos os desvíos que nos interesen

No mapa indícanse as principais árbores senlleiras con puntos vermellos.

Vista da cidade desde a Alameda.



ALAMEDA

O Parque da Alameda de Santiago de Compostela é un espazo verde de aproximadamente 80.000 m² situado entre o centro histórico e o Campus Sur universitario. Aínda que o conxunto é coñecido como a Alameda, está formado por tres espazos diferentes: o Paseo da Alameda, a carballeira de Santa Susana e o paseo da Ferradura.

Ten a súa orixe a mediados do século XVI, cando o Conde de Altamira agasalla á cidade de Santiago os terreos que rodeaban a capela da santa Susana para que se cree neles unha zona de lecer. Co paso do tempo fixéronselle distintas remodelacións e, a mediados do século XIX, o concello constrúe o Paseo da Ferradura e a Alameda rodeando a carballeira, que desde finais do século XIX e ata o ano 1971, no que se inaugurou o recinto feiral de Salgueiriños, foi o lugar no que se celebraron as feiras semanais. Ademais de ser un espazo de paseo e lecer acolle elementos de releve tanto no aspecto natural como construtivo: unha gran cantidade de especies vexetais entre elas varias árbores incluídas no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza, fermosas vistas do contorno e da cidade en distintos lugares e construcións antigas como a capela de Santa Susana e outras representativas de distintas épocas e remodelacións como a escaleira miradoiro pola que se comunica co Campus Sur, o palco da música, o edificio que acolle a gardería (deseñado, a comezos do século XIX, por Antonio Palacios para acoller exposicións e actos culturais)... e elementos ambientais (fontes, bancos, escaleiras...) e numerosos monumentos a persoeiros e persoaxes relevantes da vida, da cultura ou da historia da cidade ou de Galiza entre os que destacan os monumentos a Rosalía de Castro, Castelao, Valle Inclán... ou a leiteira e as Marías.



Porta dos Leóns. Dous templetes de granito rematados por dúas figuras de leóns deitados que dan acceso ao Paseo da Ferradura. O proxecto inicial era de D. Julián Pastos (1835) e orixinalmente estaban situados na entrada da Alameda fronte á Porta Faxeira. En 1885 foron trasladados



Carballeira de Santa Susana e monumento a Castelao do escultor Francisco Leiro. A carballeira aséntase sobre un antigo castro. Ata 1971 era o lugar de celebración da feira. Conta cuns 300 carballos centenarios, algúns de bo tamaño. Acolle a Capela de Santa Susana.



Paseo da Ferradura.



Gardería infantil “Santa Susana”

Edificio de estilo modernista deseñado por Antonio Palacios a comezos do século XIX. Nun comezo estivo destinado a acoller exposicións e actos culturais, logo foi un laboratorio e na década de 1970 paso a ser gardería infantil.



Palco da Música

De estilo modernista e planta octogonal. Construído en 1896 por Daniel García Vaamonde, sobre un proxecto anterior de Ramón Vieites Castromán. Foi restaurado en 2006.



Escalinata que comunica a Alameda co Campus Universitario Sur. Construída na década de 1940.



Banco dos namorados

Construído en granito. O seu deseño e orientación facilitan unha boa transmisión do son, o que noutros tempos permitía a comunicación dos namorados a distancia.



As “Marías”



Monumento a Rosalía de Castro


No Paseo das Letras Galegas. Obra en granito de Isidro de Benito e Francisco Civilles, Inaugurada en 1917.



Capela de Santa Susana

A igrexa orixinal foi mandada edificar polo Arcebispo Xelmírez no século XII para venerar as reliquias da santa traídas desde Portugal. Nos séculos XVII e XVIII foi remodelada. Da época orixinal conserva a porta principal e a cruz gótica no alto da nave.

ÁRBORES DESTACADAS



Abeto do Cáucaso no Paseo da Ferradura
-2,73 m de perímetro.



Abeto do Cáucaso "A Perona" no Paseo da Ferradura
-18,50 m de altura; 1,20 m de perímetro.
Incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



Eucalipto de 35 m de altura e 8,50 m de perímetro. É coñecido como "árbore dos namorados", segundo a tradición popular quen queira casar ten que dar unha volta arredor del.
Incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



Eucaliptos no Paseo da Ferradura. Santiago de Compostela.
-39,6 m de altura; 6,7 m de perímetro
-38,8 m de altura; 4,50 m de perímetro
Incluídos no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



Cedro do Atlas (azul) no Paseo da Ferradura.
-4,25 m de perímetro.



Robinia
-14 m de altura e 3,27 m de perímetro.



Carballo na carballreira de Santa Susana.
-4,03 m de perímetro.



Carballo na carballreira de Santa Susana.
-4,03 m de perímetro.



Tilleira prateada na Alameda.
-24,6 m de altura, 4,02 m de perímetro.
Incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.

CAMPUS SUR

Construído por Rodríguez Cadarso no tempo da República. Acolle edificios históricos e varias árbores senlleiras: cedros, faias, melaleuca, alcipreste de California, aciñeiras ginkgos, piñeiros...



Vista do campus desde a Escalinata da Alameda



Faias
-3,57; 3,40 e 3,50 m de perímetro.



Cedro do Himalaia
-4,28 m de perímetro.



Piñeiros bravos
-O máis grosO mide 3,33 m de perímetro.



Cedro do Líbano
-4,28 m de perímetro.



Melaleuca
-2,85m de perímetro.



Ginkgos

Alcipreste de California
-3,8 m de perímetro



Adela Leira

CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO

Un conxunto de carballos, algúns de bo porte, protexidos como conxunto no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza. No mesmo lugar atópase o Mosteiro-Pazo de San Lourenzo de Trasouto, mandado construír polo Bispo de Zamora, Martín Arias, no século XIII. Estivo ocupado por franciscanos e no século XIX pasou a ser propiedade dos condes de Altamira que o empregaban como residencia. A pesar das numerosas reformas, conserva as naves románicas do primeiro edificio. Na actualidade explótase como establecemento de restauración e pódese visitar os martes e xoves. Nos seus xardíns acolle varias árbores monumentais (faias, picea, cedros, rododendros...) e un labirinto de buxos de 400 anos de antigüidade.



Carballo en San Lourenzo de Trasouto

-5,23 m de perímetro.


Incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



Carballo en San Lourenzo de Trasouto

-5,37 m de perímetro.

Incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



Faia no Mosteiro-pazo de San Lourenzo

-21,50 de altura e 3,28 m de perímetro.



Picea común do

Mosteiro-Pazo de

San Lourenzo

-2,46 m de

perímetro.



Cedro do Atlas, cedro Azul (glauca) do

Mosteiro-Pazo de San Lourenzo

-31 m de altura, 4,25 m de perímetro.



Rododendros do Mosteiro-Pazo de San Lourenzo



Buxeda do Mosteiro-Pazo de San Lourenzo.

Ten uns catrocentos anos.

Incluída no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.